

I.E.S	I.E.S Castro de Barónceli
LOCALIDADE	Verín



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE
FÍSICA E QUÍMICA CURSO 2022/2023

Xefa e membro do departamento	Materias
M ^a Lourdes Gómez Rodríguez	<ul style="list-style-type: none">Física e Química (2º E.S.O., 4º E.S.O.)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

- a) Xustificación da programación
- b) Contextualización

2. CONTRIBUCIÓN DA FÍSICA E QUÍMICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- a) As competencias clave no currículo
- b) Indicadores e descritores das competencias clave

3. OBXECTIVOS

- a) Obxectivos do Ensino Secundario Obrigatorio
- b) Obxectivos xerais da Física e Química

4. PROGRAMACIÓN 2º ESO

- 4.1. OBXECTIVOS DA MATERIA PARA 2º ESO
- 4.2. CONTIDOS DA MATERIA PARA 2º ESO
 - 4.2.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares para 2º ESO
 - 4.2.2. Distribución e temporalización das unidades didácticas
 - 4.2.3. Contidos mínimos esixibles
- 4.3. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 4.4. METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS
 - 4.4.1. Metodoloxía xeral e específica
 - 4.4.2. Recursos didácticos e organizativos
- 4.5. AVALIACIÓN DO ALUMNADO (inclúe METODOLOXÍA A SEGUIR EN CASO DE QUE, POR MOTIVOS SANITARIOS, A ACTIVIDADE LECTIVA SEXA NON PRESENCIAL)
 - 4.5.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe
 - 4.5.2. Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de calificación (inclúe AVALIACIÓN EN CASO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES POR MOR DUNHA ALERTA SANITARIA)

4.6. RECUPERACIONES E PRUBAS EXTRAORDINARIAS

5. PROGRAMACIÓN 4º ESO

5.1. OBIECTIVOS DA MATERIA PARA 4º ESO

5.2. CONTIDOS DA MATERIA PARA 4º ESO

5.2.1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

5.2.2. Contidos, criterios de avaliación e estándares para 4º ESO

5.2.3. Distribución e temporalización das unidades didácticas (inclúe PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2020/2021)

5.2.4. Contidos mínimos esixibles

5.3. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

5.4. METODOLOXÍA. ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS

5.4.1. Metodoloxía xeral e específica

5.4.2. Recursos didácticos e organizativos (inclúe METODOLOXÍA A SEGUIR EN CASO DE QUE, POR MOTIVOS SANITARIOS, A ACTIVIDADE LECTIVA SEXA NON PRESENCIAL)

5.4.3. Actividades complementarias

5.5. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

5.5.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

5.5.2. Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación (inclúe AVALIACIÓN EN CASO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES POR MOR DUNHA ALERTA SANITARIA)

5.6. RECUPERACIONES, PRUBAS EXTRAORDINARIAS E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E CO ALUMNADO: OBIECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE: MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

1. INTRODUCCIÓN

a) Xustificación da programación

A ciencia na sociedade actual é un área de coñecemento imprescindible para comprender os avances tecnolóxicos que continuamente se están producindo e que, aos poucos, van transformando as nosas condicións de vida.

A Física e a Química ocupan desde fai séculos, un papel moi importante na parte máis alta da ciencia; baseado na comprensión da natureza. Polo tanto o coñecemento dos principais conceptos destas disciplinas é imprescindible para chegar a comprender as bases e consecuencias doutras como son: bioloxía, xeoloxía, medicina, etc.

Foi no campo das ciencias Bioquímica, Física e Química onde os logros conseguidos polos investigadores foron máis espectaculares, sobre todo en aspectos directamente relacionados coas telecomunicacións, a saúde, o medio ambiente e os recursos tecnolóxicos.

A Programación Didáctica Física e Química para o Segundo Curso da Educación Secundaria Obrigatoria está fundamentada no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Propónse nesta programación modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensiva que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que debe preparar todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave. Este modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, entre os cales destacan o programa PISA, o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice e os diferentes informes e proxectos educativos abordados desde o ámbito do proxecto da Unión Europea Estratexia Europa 2020.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que articulan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como "a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada". A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz».

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo varían dunha situación a outra e dun momento a outro. Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación,

valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Desde esta perspectiva ser competente supón "mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para responder as situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora" (*Orde ECD/65/2015 do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se desenvolven as Competencias Clave*).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica Física e Química para o Segundo Curso da Educación Secundaria Obrigatoria: a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfrenta (Brier, *Escuelas para pensar*, 2003).

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma articulada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia.

Tendo en conta que cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias acadarase como consecuencia do traballo en varias materias, a Programación Didáctica Física e Química adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes

que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligado ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirirase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto os formais, como os informais e non formais, e utilízalos de forma efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Nesta liña quixemos incidir con especial énfase na relación dos contidos e materiais tratados ao longo da nosa Programación para o Segundo Curso da Educación Secundaria Obrigatoria coas novas realidades tecnolóxicas tan próximas e atractivas para o alumnado.

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro de ámbitos como a Internet, o uso de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais... constitúense como un elemento gratificante e motivador á vez que nunha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais.

Se ao que antecede lle engadimos a presenza duns contidos que por especial importancia na nosa sociedade deben impregnar moitas das actividades de aprendizaxe así como o interese por fomentar a capacidade do alumnado para regular o seu propio proceso de aprendizaxe e seguir aprendendo ao longo da vida, teremos os piares sobre os cales elaboramos a presente Programación Didáctica para o Segundo Curso da Educación Secundaria Obrigatoria.

b) Contextualización:

b.1. Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS	OBXECTIVOS DA LOMCE
<ul style="list-style-type: none">– Elevadas taxas de abandono escolar temperán.– Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...).– Reducido número de alumnos que acadan a excelencia.– Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.	<ul style="list-style-type: none">– Encauzar os estudantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades.– Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO.– Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos excelentes.– Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado.

Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- **Racionalización da oferta educativa.** O currículo simplificarase coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- **Flexibilización das traxectorias educativas.** Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.
- **Autonomía dos centros educativos.** Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- **Reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros.** Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- **Implantación de avaliacións externas.** Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato.

Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

- **A incorporación xeralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).** A través das TIC facilitarase a personalización da educación.
- **O fomento do plurilingüismo.** Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- **A modernización da Formación Profesional.** Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicaranse as empresas na formación.

Seguindo as recomendacións das institucións europeas a LOMCE incorpora a educación cívica e constitucional como contido transversal en todas as materias da educación básica. O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.

b.2. Principios do sistema educativo

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, concíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos **principios** que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- **A equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades** que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- O recoñecemento dos proxenitores e titores como primeiros responsables da educación dos seus fillos.
- **A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos**, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.
- O desenvolvemento de valores que fomenten **a igualdade efectiva entre homes e mulleres** e que axuden a previr a violencia de xénero.
- **A liberdade de ensino**, que lles reconece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros

axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

b.3. Elementos do currículo na LOMCE

A LOMCE modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.

- Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

2. CONTRIBUCIÓN DA FÍSICA E QUÍMICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

a) As competencias clave no currículo:

Son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A aprendizaxe da Física e a Química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científico e tecnolóxico que se formulan na nosa sociedade así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Asemade comparte co resto das disciplinas a responsabilidade de promover neles a adquisición das competencias necesarias para que poidan integrarse na sociedade de forma activa. Como disciplina científica, ten o compromiso engadido de dotar o alumno de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor. A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraer e comunicar conclusións a partir de probas científicas, formular preguntas que a ciencia poida responder e explicar científicamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica, **CMCCT**, haberá que engadir as correspondentes ao resto das competencias clave. É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non tan

só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste senso, resulta relevante a achega da Física e da Química á competencia en conciencia e expresións culturais, **CCEC**, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender a mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura. A Física e a Química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, **CSC**, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía na noso entorno; conservación de recursos, cuestións medioambientais... A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica. Non debemos esquecer que o emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, e, consecuentemente, a competencia dixital (**CD**), merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e Bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Doutra banda, a posibilidade de acceder a unha gran cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado. A elaboración e defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite profundar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma dos mesmos. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**), sen a que non se entendería o progreso da ciencia. En relación á competencia aprender a aprender, **CAA**, indicar que se algo caracteriza á actividade científica é a curiosidade, o interese por

aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre un mesmo como estudante, sobre a tarefa a desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, a Física e a Química aportan unha estratexia, o método científico, especialmente relevante no proceso de adquisición de coñecementos. Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á competencia en comunicación lingüística (CCL). Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados...) podemos resaltar dúas; a relacionada coa linguaxe propia das ciencias: interpretación de gráficas, táboas, etiquetados, símbolos, formulación... e , moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

b) Indicadores e descritores das competencias clave

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

INDICADORES	DESCRITORES
1. Expresar e comprender textos orais.	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
	Expresar oralmente de forma ordenada e clara calquera tipo de información.
	Desenvolver a dicción, a expresividade e a capacidade para representar textos literarios.
2. Ler e comprender textos.	Gozar coa lectura.
	Entender textos nunha lectura comprensiva.
	Utilizar estratexias para comprender.
	Desenvolver a afición pola lectura.
	Adquirir hábitos de lectura de forma autónoma.
3. Redactar textos breves.	Escribir textos a partir do coñecemento das tipoloxías textuais e da aplicación de pautas.
	Utilizar estratexias para redactar correctamente un texto.
	Empregar as Tecnoloxías da Información na redacción e presentación de textos.
4. Identificar e aplicar os aspectos básicos da lingua.	Coñecer os elementos da comunicación.
	Asumir a importancia do coñecemento gramatical e a súa aplicación.
	Familiarizarse coas estruturas sintácticas básicas da lingua.
	Asumir a importancia de coñecer e empregar correctamente as normas ortográficas.
5. Desenvolver a capacidade e o interese para expresarse en diversas linguas	Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
	Valorar positivamente a realidade plurilingüe.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

a) A competencia matemática

INDICADORES	DESCRITORES
1. Coñecer e empregar elementos matemáticos básicos.	Aplicar as operacións que debe realizar con números enteiros.
	Establecer relacións de proporcionalidade directa e inversa.
	Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
	Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.

2. Desenvolver o razoamento lóxico-matemático	Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
	Seguir pasos lóxicos e de operatividade matemática na resolución de problemas.
3. Utilizar conceptos e procedementos matemáticos para resolver problemas cotiáns ou de diferentes áreas de coñecemento.	Utilizar técnicas de rexistro e de representación gráfica e numérica.
	Empregar escalas e sistemas de representación.
	Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
	Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
	Aplicar técnicas de orientación en mapas e planos.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

INDICADORES	DESCRITORES
1. Comprender e explicar o mundo natural e tecnolóxico	Recoñecer os aspectos básicos dos ecosistemas e o medio natural.
	Desenvolver a propia conciencia medioambiental e pautas de consumo sostible.
	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
2. Recoñecer os trazos claves da ciencia e da tecnoloxía	Familiarizarse cos criterios que debe cumprir unha disciplina para ser considerada científica.
	Asimilar os aspectos e elementos básicos dunha ciencia e do coñecemento científico.
3. Entender e empregar o pensamento, a metodoloxía e os coñecementos científicos.	Desenvolver a capacidade para formular hipóteses e teorías de forma razoada.
	Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.
	Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en diferentes áreas de coñecemento.
	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor e responder preguntas.

COMPETENCIA DIXITAL

INDICADORES	DESCRITORES
1. Interpretar a información obtida por diversos medios e transformala en coñecemento	Interpretar e utilizar correctamente a información obtida da Internet.
	Realizar pequenas investigacións ou procuras de información.
2. Utilizar correctamente as TIC e as súas linguaxes	Empregar correctamente diferentes procesadores de texto.
	Editar información en follas de cálculo para organizar a información.
	Redactar e enviar correos electrónicos.
	Empregar presentacións dixitais como medio de apoio na transmisión de coñecementos.
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
3. Familiarizarse de forma crítica cos medios de comunicación.	Utilizar os distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

	Desenvolver o espírito crítico ante as mensaxes publicitarias.
--	--

APRENDER A APRENDER

INDICADORES	DESCRITORES
1. Regular as propias capacidades académicas e de aprendizaxe.	Organizar os espazos e os tempos dedicados ao estudo e ao traballo de forma autónoma.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Realizar unha autoavaliación dos procesos de aprendizaxe e dos seus resultados.
2. Identificar e estimular as propias capacidades intelectuais e persoais.	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente.
	Identificar as inclinacións vocacionais e as propias motivacións.
	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

a) A competencia social

INDICADORES	DESCRITORES
1. Desenvolver as habilidades básicas de relación social.	Realizar traballos e actividades de forma colaborativa e cooperativa.
	Dialogar en grupo respectando as normas.
	Desenvolver actitudes de respecto cara ás opinións e formas de ser alleas.
2. Asumir capacidades e sentimentos de empatía e solidariedade.	Adoptar unha actitude flexible e dialogante en situacións problemáticas.
	Cumprir os acordos adoptados.
	Amosar disposición de axuda e solidariedade en relación aos problemas doutras persoas.
	Analizar as consecuencias do incumprimento das normas.
	Desenvolver actitudes e estratexias de comunicación asertiva.
	Recoñecer e potenciar as propias habilidades sociais e de empatía.

b) A competencia cívica

INDICADORES	DESCRITORES
	Coñecer as actividades humanas e adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes.

1. Coñecer e interpretar a realidade social en diferentes escalas: local, nacional e internacional	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha constitución
	Valorar positivamente a democracia e coñecer o seu funcionamento e institucións básicas.
2. Desenvolver o exercicio activo da cidadanía.	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Asumir os valores e normas de convivencia democráticos en diferentes ámbitos.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

INDICADORES	DESCRITORES
1. Desenvolver a propia autonomía persoal.	Tomar conciencia das propias capacidades e das estratexias para potencialas.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
	Dirimir a necesidade de axudas en función da dificultade da tarefa.
	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Entender e asumir en que consiste o emprendemento	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
	Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
	Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
3. Asumir e potenciar a propia creatividade.	Adoptar unha actitude de curiosidade e procura de solucións imaxinativas ante problemas diversos.
	Realizar investigacións e proxectos de forma autónoma e creativa.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

INDICADORES	DESCRITORES
1. Coñecer e apreciar diferentes manifestacións artísticas.	Coñecer e valorar as linguaxes artísticas.
	Describir o contido ou a intencionalidade dunha obra artística.
	Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
	Gozar das manifestacións artísticas.
2. Realizar diferentes expresións culturais e artísticas	Empregar correctamente diferentes linguaxes artísticas na elaboración das propias producións.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

3. OBXECTIVOS

a) Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	Comunicación lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía Comunicación lingüística.

- diversos campos do coñecemento e da experiencia. Aprender a aprender.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.
Competencias sociais e cívicas.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Competencias sociais e cívicas
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Comunicación lingüística.

Conciencia e expresións culturais.

Competencias sociais e cívicas.

Aprender a aprender.

b) Obxectivos xerais da área (Física e Química):

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. PROGRAMACIÓN 2º E.S.O.

4.1. OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O SEGUNDO CURSO

OBJETIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
1. Valorar o traballo dos científicos e as científicas na creación do coñecemento, e seguir o método científico á hora de levar a cabo unha investigación.	Aprender a aprender Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
2. Realizar correctamente cálculos sencillos que incluyan a utilización de las diferentes unidades del SI, y manejar las diferentes unidades del sistema métrico decimal.	Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología.
3. Establecer procedimientos para describir las propiedades de la materia que nos rodea, tales como la masa, el volumen, la densidad, los estados en los que se presentan y sus cambios.	Aprender a aprender. Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología. Comunicación lingüística.
4. Utilizar modelos gráficos para representar y comparar los datos obtenidos y saber analizar tablas, gráficos y textos para conocer los diferentes conceptos introducidos.	Aprender a aprender. Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología.
5. Justificar el estado de agregación de la materia en base a la teoría cinético-molecular.	Aprender a aprender. Comunicación lingüística.
6. Explicar el átomo según el modelo planetario y establecer el criterio de materia neutra, conociendo las características de sus partículas fundamentales.	Aprender a aprender.
7. Relacionar propiedades de los materiales con el uso que se hace de ellos y diferenciar entre mezclas y sustancias, gracias a las propiedades características de estas últimas y a la posibilidad de separar aquellas por procesos físicos.	Aprender a aprender.
8. Diferenciar entre elementos y compuestos, átomos y moléculas, símbolos y fórmulas, siendo capaz de obtener información a partir de la observación de la tabla periódica de los elementos.	Aprender a aprender Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología.

- | | |
|---|---|
| 9. Valorar positivamente los cambios registrados en los diferentes modelos científicos que se han elaborado para explicar la constitución de la materia e interpretarlos como un proceso de construcción del saber científico. | Aprender a aprender.
Competencias sociales y cívicas.
Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor. |
| 10. Distinguir entre cambios físicos y químicos de la materia, describiendo estos últimos mediante ecuaciones químicas. | Aprender a aprender.
Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología |
| 11. Conocer los efectos de las fuerzas sobre los cuerpos, como el movimiento y la forma de los cuerpos, y diferenciar entre la masa y el peso. | Aprender a aprender. |
| 12. Conocer el concepto de presión y expresar su valor con las unidades adecuadas. | Aprender a aprender.
Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología. |
| 13. Explicar el movimiento de un objeto respecto de un sistema de referencia, mencionando conceptos como espacio recorrido, velocidad y posición. | Aprender a aprender.
Comunicación lingüística. |
| 14. Explicar fenómenos eléctricos así como el comportamiento de los imanes, siendo capaz de explicar la relación entre electricidad y magnetismo. | Aprender a aprender.
Comunicación lingüística. |
| 15. Reconocer que existen diferentes formas y fuentes de energía, y que un tipo de energía se puede transformar en otro, y conocer la relación entre los conceptos de fuerza y trabajo, así como el principio de conservación de la energía. | Aprender a aprender. |
| 16. Reconocer las características de las máquinas diferenciando la energía útil de la energía disipada e identificando las máquinas simples de uso más cotidiano. | Aprender a aprender. |
| 17. Saber que tanto la luz como el sonido son ondas, e interpretar fenómenos relacionados con la reflexión del sonido y la reflexión y refracción de la luz. | Aprender a aprender. |
| 18. Interpretar el calor como la energía en tránsito y reconocer sus efectos sobre los cuerpos (aumento de la temperatura, cambio de estado...). | Aprender a aprender. |

- 19.** Clasificar las fuentes de energía en renovables y no renovables, valorando sus inconvenientes y ventajas y comprendiendo la necesidad de hacer un uso racional de la energía.
- Aprender a aprender.
Competencias sociales y cívicas.
Conciencia y expresiones culturales.
- 20.** Utilizar correctamente el lenguaje científico relacionado con los contenidos del libro tanto en la expresión escrita como en la oral.
- Comunicación lingüística.
- 21.** Participar activamente en las experiencias de laboratorio, respetando las ideas diferentes de las propias y siguiendo las normas de seguridad.
- Aprender a aprender.
Competencias sociales y cívicas.
- 22.** Diseñar, planificar y elaborar actividades prácticas y trabajos escritos y orales que permitan estudiar los diferentes conceptos introducidos, integrando la información procedente de diferentes fuentes (impresa, audiovisual, Internet).
- Aprender a aprender.
Competencia digital.
Competencias sociales y cívicas.
Conciencia y expresiones culturales.
Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor.

4.2. CONTIDOS DA MATERIA PARA O SEGUNDO CURSO

4.2.1. Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares: Segundo Curso

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 1: A actividade científica

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.1. Método científico: etapas.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.
B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.
B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	FQB 1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas
B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
B1.5. Traballo no laboratorio.	FQB 1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.
B1.6. Procura e tratamento de información.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.
	FQB 1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.
	FQB 1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.
	FQB 1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.
	FQB 1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter

- divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
- FQB 1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
- FQB 1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
- B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
- FQB 1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
- FQB 1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 2: A materia

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B2.1. Propiedades da materia.	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.
B2.2. Aplicacións dos materiais.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.
B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.
B2.4. Leis dos gases.	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.
B2.5. Substancias puras e mesturas.	B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinéticomolecular.
B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.
B2.7. Métodos de separación de mesturas.	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.
	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.

- FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.
- B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.
- FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinéticomolecular.
- FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
- B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.
- FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heterogéneas ou coloides.
- FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.
- FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.
- B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplícalos no laboratorio.
- FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 3: Os cambios

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B3.1. Cambios físicos e cambios químicos.	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.
B3.2. Reacción química.	
B3.3. A química na sociedade e o	

ambiente.

- FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.
- FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.
- FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.
Est. Apr. FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	T. 07	P. 152 A. 07
Est. Apr. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	T. 07	P. 151 A. 01
Est. Apr. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	T. 07	P. 151 A. 02
Est. Apr. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	T. 07	P. 154 A. 01
Est. Apr. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	T. 07	P. 154 A. 02
Est. Apr. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	T. 07	P. 154 A. 03

Bloque 4 Crit. Eval. B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	T. 08	P. 159 A. 01
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 08	P. 165 A. 01
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 08	P. 173 A. 02
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 08	P. 173 A. 03
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 09	P. 179 A. 04
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 09	P. 181 A. 03
Est. Apr. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	T. 09	P. 192 A. 01

Bloque 4 Crit. Eval. B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 08	P. 161 A. 01
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 08	P. 161 A. 03
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 08	P. 163 A. 02
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 08	P. 165 A. 04
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 08	P. 172 A. 01
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 09	P. 179 A. 03
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 09	P. 185 A. 02
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 09	P. 185 A. 03
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 09	P. 192 A. 07
Est. Apr. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	T. 09	P. 193 A. 08

Bloque 4 Crit. Eval. B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	T. 09	P. 181 A. 01
Est. Apr. FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	T. 09	P. 194 A. 01
Est. Apr. FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	T. 09	P. 194 A. 02
Est. Apr. FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	T. 09	P. 185 A. 02
Est. Apr. FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	T. 09	P. 187 A. 01
Est. Apr. FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	T. 10	P. 213 A. 01

Bloque 4 Crit. Eval. B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	T. 10	P. 199 A. 01
Est. Apr. FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	T. 10	P. 201 A. 02
Est. Apr. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	T. 10	P. 199 A. 05
Est. Apr. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	T. 10	P. 201 A. 01
Est. Apr. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	T. 10	P. 209 A. 01
Est. Apr. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	T. 10	P. 212 A. 05

Bloque 4 Crit. Eval. B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.10.1. Razoa o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	T. 10	P. 212 A. 09

Bloque 4 Crit. Eval. B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	T. 10	P. 199 A. 04
Est. Apr. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	T. 10	P. 203 A. 01
Est. Apr. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	T. 10	P. 213 A. 07
Est. Apr. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	T. 10	P. 213 A. 03

Bloque 4 Crit. Eval. B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	T. 11	P. 219 A. 05
Est. Apr. FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	T. 11	P. 219 A. 01

Bloque 4 Crit. Eval. B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	T. 11	P. 219 A. 05

Bloque 4 Crit. Eval. B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 223 A. 02
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 223 A. 03
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 227 A. 04
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 229 A. 01
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 237 A. 05
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 238 A. 02
Est. Apr. FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	T. 11	P. 238 A. 03
Est. Apr. FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.	T. 11	P. 238 A. 02
Est. Apr. FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	T. 11	P. 225 A. 03
Est. Apr. FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	T. 11	P. 225 A. 01
Est. Apr. FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	T. 11	P. 237 A. 09
Est. Apr. FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	T. 11	P. 229 A. 02
Est. Apr. FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	T. 11	P. 237 A. 13

Bloque 4 Crit. Eval. B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	T. 11	P. 236 A. 04
Est. Apr. FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	T. 11	P. 227 A. 01
Est. Apr. FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	T. 11	P. 227 A. 03

Bloque 4 Crit. Eval. B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	T. 11	P. 229 A. 02
Est. Apr. FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	T. 11	P. 236 A. 13
Est. Apr. FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.	T. 11	P. 238 A. 03

Bloque 4 Crit. Eval. B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	T. 11	P. 229 A. 01
Est. Apr. FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	T. 11	P. 229 A. 03
Est. Apr. FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	T. 11	P. 238 A. 01

Bloque 5 Crit. Eval. B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	T. 12	P. 249 A. 03
Est. Apr. FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	T. 12	P. 252 A. 05
Est. Apr. FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	T. 12	P. 252 A. 06
Est. Apr. FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	T. 12	P. 260 A. 07
Est. Apr. FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	T. 12	P. 255 A. 04
Est. Apr. FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	T. 12	P. 257 A. 01

Bloque 5 Crit. Eval. B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	T. 12	P. 255 A. 01
Est. Apr. FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	T. 12	P. 261 A. 01
Est. Apr. FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	T. 12	P. 261 A. 13
Est. Apr. FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	T. 12	P. 258 A. 01

Bloque 5 Crit. Eval. B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	T. 12	P. 243 A. 02
Est. Apr. FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	T. 12	P. 247 A. 01
Est. Apr. FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	T. 12	P. 247 A. 03
Est. Apr. FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	T. 12	P. 249 A. 04

Bloque 5 Crit. Eval. B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar gráficamente estas transformacións.	T. 12	P. 260 A. 12
Est. Apr. FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.	T. 12	P. 260 A. 13
Est. Apr. FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.	T. 12	P. 262 A. 02
Est. Apr. FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	T. 12	P. 255 A. 02
Est. Apr. FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	T. 12	P. 260 A. 13

Bloque 5 Crit. Eval. B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.	T. 12	P. 257 A. <i>Motor de combustión...</i>
Est. Apr. FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	T. 12	P. 261 A. 12

Bloque 5 Crit. Eval. B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMAS	ACTIVIDADES
Est. Apr. FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	T. 12	P. 257 A. 01
Est. Apr. FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	T. 12	P. 257 A. 02

5.5.2. Procedementos de Avaliación e Criterios de Cualificación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Diferenciaranse dous procedementos básicos de Avaliación.

- A Avaliación continua.
- A Avaliación a través de Probas escritas.

No caso da Avaliación continua, os procedementos e instrumentos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión, autoavaliación...

No que respecta á Avaliación a través de probas escritas, o Proxecto Didáctico Vicens Vives incorpora un amplo abano de Probas que facilita a Avaliación do alumnado en diferentes momentos do curso:

- As Avaliacións Iniciais, nas que valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.
- As Avaliacións Trimestrais para realizar ao final de cada trimestre e que facilitará a avaliación de grandes bloques de contidos, estándares e competencias.
- As Avaliacións Finais que permitirán realizar unha avaliación final ou habilitar unha proba de recuperación para o alumnado que non superara previamente o curso.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que o docente poderá avaliar a través da Rúbrica de Avaliación que este Proxecto Educativo facilita no apartado *6. 1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe*. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta no apartado *4.4 Avaliación das Competencias Clave*.

O grao de adquisición dos obxectivos que se queren acadar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:

- LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.
- LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.
- LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.
- LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

Como criterios xerais ou de referencia de **calificación** para establecer as notas en cada unha das tres avaliacións trimestrais, **proponse que as probas escritas ponderen un 80%, o traballo diario, traballos voluntarios e prácticas de laboratorio un 10%.**

Outras consideracións

- Para obter cualificación positiva (igual ou maior que cinco) nesta materia o alumno non deberá estar cualificado en ningún dos dous exames cunha nota inferior a tres. Neste caso a nota final da avaliación nunca será superior a catro.
- A nota final obterase a partir da media das tres avaliacións.
- Haberá unha proba de recuperación por cada avaliación onde a máxima nota será un 8, para poder aprobar dita proba a cualificación terá que ser igual ou superior a cinco.
- O redondeo ó alza de calquera nota farase a partires dunha compoñente decimal de 0,75.

Criterios de cualificación en caso da suspensión das clases por mor dunha alerta sanitaria

Se as clases fosen suspendidas a docencia levarase a cabo telemáticamente. Nese suposto, a cualificación fãrese en función das tarefas entregadas a través da aula virtual do centro. Cada tarefa, unha vez correxida e avaliada, será entregada ao alumno. A nota será calculada facendo a media das puntuacións das probas entregadas. Se antes da suspensión das clases xa se tivera feita algunha proba escrita, esta será tida en conta á hora de calcular a nota final. Ademáis, déixase aberta a posibilidade de realización de probas telemáticas a través de distintas plataformas.

5.6. RECUPERACIÓN E PROBAS EXTRAORDINARIAS

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓN PENDENTES

A gran diversidade de instrumentos de Avaliación permítenlle ao docente realizar unha Avaliación tema por tema e empregar a Proba de Avaliación Trimestral como sistema de Recuperación de Avaliacións Pendentes. Realizarase polo tanto unha proba de recuperación por cada avaliación suspensa:

- se o alumno suspendeu a primeira avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame de recuperación na segunda avaliación.
- se o alumno suspendeu a segunda avaliación, terá a oportunidade de realizar un exame de recuperación na terceira avaliación.

Se ao final da terceira avaliación un alumno ten esta ou algunha das anteriores suspensa, poderá realizar un novo exame de recuperación desas mesmas. Só se superará a materia tendo as tres avaliacións aprobadas sendo a nota final a media das tres.

RECUPERACIÓN PARA OS ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS

Tal e como establece o apartado 22.2 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro; aqueles alumnos e alumnas que, excepcionalmente, sexan promocionados de curso polo equipo docente con materias pendentes, deberán facelo cun plan personalizado de recuperación destas materias nas que se terán presentes:

- os aspectos relacionados coas expectativas de recuperación das materias pendentes por parte do alumnado.
- os Criterios de Avaliación establecidos polo centro e o docente da materia.
- os Estándares de Aprendizaxe que desenvolven estes Criterios de Avaliación.
- os recursos e o equipo docente para realizar as actividades de recuperación para os alumnos con materias pendentes doutros cursos.

Aínda que a planificación das actividades de recuperación de alumnos con materias pendentes de cursos anteriores se decidirá desde cada centro docente, aconséllase que estes alumnos e alumnas reciban ensinanzas de recuperación desas materias, a razón dunha hora de clase semanal, sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado o permita.

Os departamentos de coordinación didáctica correspondentes encargaranse de programar as actividades e, se é o caso, as probas parciais que preparen os alumnos para

lograr unha avaliación positiva; da avaliación será responsable o correspondente departamento.

Dende o Departamento de Física e Química, **na primeira e na segunda avaliación entregaráselles aos alumnos unha serie de actividades que deberán entregar resoltas antes dunha data que previamente se lles comunicará**, informando ao alumnado de que poden consultar calquera dúbida co profesor no momento que desexen. Se ditas actividades non son realizadas correctamente ou non as entregan, terán que realizar o exame de recuperación no mes de maio.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Podemos definir as actividades complementarias e extraescolares como aquelas que contribúen de forma importante ao desenvolvemento integral da personalidade do alumno e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade de organización do Centro.

As actividades complementarias e extraescolares deben considerarse como accións complementarias que teñen como finalidade primordial, propiciar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, a cuxo fin é imprescindible que trascendan o ámbito puramente académico estendendo a acción formativa dos alumnos ata o medio en que o Centro Educativo se ache inserto e incidindo nos seus aspectos económicos, culturais, sociolaborais, etcétera, polo que non deben enfocarse como actividades imprescindibles para a consecución dos obxectivos específicos asignados ás determinadas materias, senón como un complemento da acción instrutiva e formativa destas.

Os obxectivos para conseguir coa realización de actividades complementarias e extraescolares son:

- Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos e o seu acceso ao patrimonio cultural, sen discriminación ningunha por razóns de sexo, raza, capacidade ou orixe social.
- Adaptarse ás peculiaridades e intereses individuais dos alumnos.
- Responder ás esixencias dunha sociedade democrática, complexa e tecnificada.
- Compensar as desigualdades sociais, culturais ou por razón de sexo, sen incorrer no favoritismo, pero tendo en conta as diversas capacidades dos alumnos.
- Preparar a inserción na vida activa, para o desempeño das responsabilidades sociais e profesionais propias da existencia adulta.

Considéranse actividades extraescolares nos centros públicos de ensino, sinalando algúns aspectos que as caracterizan:

- Completan a formación mínima que deben recibir todos os cidadáns e cidadás.
- Son actividades que non poden formar parte do horario lectivo, é dicir, do horario que comprende a xornada escolar, incluídos os períodos de descanso que se establecen entre dúas clases consecutivas.
- Teñen carácter voluntario, polo que ningún alumno pode ser obrigado a asistir a ditas actividades.
- Non forman parte do proceso de avaliación individual polo que pasa o alumnado para a superación das distintas ensinanzas que integran os plans de estudos, aínda que o proxecto debe ser avaliado como parte do plan anual de actuación do centro educativo.
- Non poden constituír motivo nin medio de discriminación ningún para ningún membro da comunidade educativa.
- Non poden ter carácter lucrativo.
- Deben incluírse na programación xeral anual, unha vez aprobadas polo Consello Escolar do centro.

Dende o Departamento de Física e Química do IES Castro de Baronceli propóñense as seguintes actividades, a parte das que vaian xurdindo ao longo do curso:

Participación en novembro no Día da Ciencia en Galego.

Participación nas actividades de Galiciencia.

Participación no Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

Charlas ou conferencias que vaian xurdindo durante o curso.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o profesor poida realizar esta tarefa debe ter en conta a situación real de traballo. As medidas de atención a diversidade están contempladas principalmente nas actividades, as que responden a tres niveis de dificultade (baixa, media e alta) segundo os seguintes parámetros:

Nivel baixo:

- Se a cuestión ten en conta unha soa variable para a súa resolución.
- Requírese un nivel de razoamento baixo, hai que lembrar algo aprendido.
- Se só cómpre consultar o libro para resolvela.
- Para contestar é preciso ter en conta só os conceptos da Unidade que se estea a traballar.

Nivel medio:

- O número de variables a manexar é de dous e tres.
- Requírese un nivel de razoamento medio, é necesario lembrar e asociar dous ou tres datos.
- Se é necesario manexar outra fonte ademais do libro.
- Se se precisa manexar conceptos aprendidos en outras Unidades da obra.

Nivel alto:

- É necesario manexar un número elevado de variables.
- O nivel de razoamento necesario é alto, o alumno ou alumna ten que manexar máis de tres variables.
- Precísase manexar varias fontes bibliográficas para responder.
- Se se deben ter en conta conceptos doutros cursos para contestar.

Daquela, elixírase, en calquera momento, as actividades máis axeitadas para cada alumno, grupo de alumnos ou situación particular da clase.

8. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E CO ALUMNADO: OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os profesores do departamento informarán os alumnos da programación durante a primeira semana de curso. Manterase unha programación completa do Departamento na Dirección do Centro que poderá ser utilizada e coñecida polo alumnado e as súas familias.

Os alumnos e as alumnas recibirán por parte do docente que lle vai impartir a materia unha información verbal na que se debe indicar como mínimo:

- Número de avaliacións, que serán tres.
- Procedemento de avaliación en cada una delas: probas escritas, avaliación continua, etc.
- Criterios de calificación.
- Recuperación de cada avaliación e datas aproximadas.
- Materiais necesarios para o curso
- Procedementos para recuperación de materias pendentes do curso anterior.
- Contidos mínimos esixibles les en cada avaliación
- Recuperacións: probas e actividades de aprendizaxe.
- Temporalización dos contidos.
- Comunicación de que toda esta información está á súa disposición e á das súas familias tanto no Departamento da materia como na Xefatura de Estudos do Centro.

Ademais, tamén se poderá facer pública toda esta información publicándoa nos taboleiros de anuncios do Centro Educativo ou na súa páxina web.

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Fomento da Lectura. Comprensión Lectora.

Os obxectivos do noso proxecto para a Educación Secundaria Obrigatoria:

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe.
- Sumar e coordinar os esforzos das distintas áreas curriculares e das familias para facer posíbel os citados propósitos.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.
- Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindible na nosa sociedade.
- Favorecer o coñecemento das unidades lingüísticas do castelán e o galego e das súas combinacións observando as semellanzas entre ambos os dous.
- Potenciar o coñecemento do inglés e a produción e comprensión oral ou escrita de diversos tipos de texto neste idioma.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir olladas persoais que respecten unha base textual.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce.
- Activar bibliotecas de aula xestionadas polos alumnos coa intención de fortalecer vínculos de complicidade e diálogo a partir das súas experiencias lectoras.

– Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura.

Metodoloxía para a ensinanza e a aprendizaxe da lectura

1. O desenvolvemento e a consolidación de hábitos lectores

Un bo plan lector debe asentarse sobre uns postulados que vertebran o seu deseño e posta en marcha: como orientamos o fomento da lectura na ESO, que peculiaridades e actitudes dos mediadores cabe potenciar nestes cursos, que tipo de inconvenientes podemos encontrarnos, que lecturas seleccionamos para encauzar os nosos obxectivos, que liñas mestras definen un programa de actuación viable e que outras iniciativas poden entorpecelo.

1.1. O fomento da lectura na ESO

Partimos da base de que ao longo da Educación Primaria se foi transmitindo o gusto por ler e que os alumnos empezan a nova etapa dominando competencias funcionais asociadas a operacións cognitivas e automatismos elementais ou ineludibles á hora de descodificar sen grandes problemas textos que respondan ao seu nivel formativo. Naturalmente, é unha presunción que engloba a xeralidade dos alumnos e que non implica desatender aqueles cuxas habilidades lectoras estean por debaixo da media a través de accións específicas encamiñadas a superar carencias. Como é lóxico, un gran esforzo contraría a curiosidade por abrir calquera libro, por fascinante que nos pareza, e gozar das súas páxinas. Neste sentido, podemos valernos de lecturas titeladas que permitan comentar e afrontar as dificultades máis apremantes.

A grandes trazos, móvenos o propósito de estimular ou consolidar a motivación por ler en estudantes da ESO mediante procedementos creativos e lúdicos que os inviten a unha participación activa para que entendan a lectura como unha vivencia, como un acicate para compartir os seus gustos e inclinacións, as súas experiencias cos libros; e se acheguen a outras realidades distintas á súa reflexionando conxuntamente sobre os interrogantes e as inquietudes que lles susciten. A intención última é colaborar na formación de lectores autónomos e previr que dita tarefa se acolla como unha obriga escolar, como un antollo de profesores benintencionados que á vez negan e recoñecen os puntos de vista e as preferencias dos seus alumnos. Por isto nos decantamos por estratexias abertas e variadas que se adaptan a distintas aptitudes lectoras e consideran a diversidade dos grupos.

Así mesmo, traballar con rapaces que xa dominan a mecánica lectora obríganos a incidir na vertente comprensiva, na capacidade de analizar e extraer informacións, de xerarquizalas e relacionalas segundo o aspecto que se queira salientar, de argumentar opinións, de saber matizalas considerando as visións alleas e mantendo unha actitude dialogante cos escritos que non contradiga a súa base textual... De aí o valor que lle outorgamos a falar das lecturas en debates ou foros de discusión e, incluso, a recrealas creativamente para que a comprensión se derive e se reforce co xogo interactivo. Así, esperamos fusionar a lectura comprensiva e a pracenteira nunha dinámica na que ambas as dúas se retroalimenten. Tampouco esquecemos a importancia que ten en todo este proceso impulsar e guiar procuras complementarias, é dicir, a práctica orientada a localizar e seleccionar en bibliotecas (do centro ou da localidade) e na Internet informacións que sirvan para amenizar as lecturas e afondar nelas. A atracción polas TIC e a predisposición ao xogo son os nosos aliados no momento de presentar estas actividades como unha aventura ou unha exploración detectivesca.

1.2. A figura do mediador na ESO

Un desenvolvemento óptimo do proxecto lector esixe que os docentes da ESO actúen de mediadores. Hai numerosas características individuais que poden facilitar este labor. Por exemplo:

- Coñecer a psicoloxía e a conduta dos escolares.
- Ser un lector entusiasta que desexe comunicar a súa paixón, ademais dun bo coñecedor da literatura xuvenil para orientar na elección persoal de lecturas.
- Compartir o pracer lector e facer acopio do máximo de recursos didácticos, tanto individuais como materiais.
- Ter claro que o seu labor é axudar a formar “lectores” autónomos e estables, non “ledores” que só se achegan aos libros para cubrir esixencias formativas.
- Carecer de prexuízos esteticistas sobre o tipo de obras que máis atraían a os seus alumnos e saber espertar a súa curiosidade sen prefixar lecturas de antemán.
- Saber adaptar as súas propostas para que non cunda o desalento entre a maioría.
- Amosarse receptivo aos valores que se desprenden dos textos para promover a reflexión conxunta e o espírito crítico.
- Fomentar a participación por medio de estratexias lúdicas que activen a imaxinación dos rapaces e intentar que superen o medo ao ridículo e á timidez.

- Ser capaz de potenciar comprensivamente as expectativas que as obras xeren e as informacións previas que se dispoñen sobre ficcións parecidas.
- Non tender á aseveración “irrebatible” que reprima a creatividade dos alumnos e interesarse polas súas interpretacións individuais (aínda que resulten insólitas).
- Ter paciencia para reformular, sempre que sexa preciso, aclaracións e instrucións e buscar a complicidade dalgúns estudantes para conseguilo.
- Dispor de coñecementos para utilizar as TIC con intencionalidade educativa.

Se responde a este perfil, o mediador pode emprender accións que redunden na concepción da lectura como vivencia. Aludimos a sinxelas accións como estas:

- Ler en voz alta fragmentos unitarios que combinen a aventura, o misterio e o suspense para que a historia atrape os alumnos; e non ser remisos cando se trate de admitir os seus “modos de ler”abrindo un coloquio sobre o argumento.
- Participar na evocación de lecturas xuvenís segundo o clásico esquema formulación, nó e desenlace, que se peche con comentarios que lle dean un sentido especial á historia contada.
- Relacionar as citadas lecturas con espazos e momentos vitais. Por exemplo, lin tal ou cal libro un verán xunto ao mar, cando empecei a saír coa miña cuadrilla, escoitando música na miña habitación...
- Comentar que para moitos lectores revisar a súa biblioteca é emprender unha especie de viaxe polo seu pasado porque cada libro lles trae recordos diferentes.
- Falar daqueles momentos nos que un amigo ou un familiar nos presta un libro e cremos adiviñar os seus gustos ou forma de ser a medida que avanzamos, sen deixar de pensar “nas razóns que o levaron a colocarnos ese libro nas mans, (en) os sinais dunha fraternidade” (Daniel Pennac).
- Rememorar emocións que tivemos con certas lecturas. Por exemplo, a contradición entre a ansia de coñecer o final dunha obra que nos está gustando moito e a “tristeza” de ver como se acaba esa historia apasionante.
- Describir o encanto da anticipación que experimentamos cando nos regalan un libro e adiamos a súa lectura imaxinando que historia imos ler, ou a agradable sensación de follear as súas páxinas ulir a tinta fresca.

1.3. Deseño de liñas xerais de actuación

Aínda que o plan de lectura sexa, en maior ou menor medida, responsabilidade de todo o equipo docente da ESO, é oportuno designar un coordinador que aglutine esforzos e sexa unha persoa capaz de artellar as diversas accións que se emprendan. O idóneo é que sexa alguén especialmente interesado no fomento e desenvolvemento de hábitos lectores na ESO que, ademais, posúa unha bagaxe de coñecementos suficiente sobre a animación lectora, biblioteconomía e documentación. O seu papel é esencial ao responsabilizarse das seguintes funcións:

- Coñecer as necesidades de formación do profesorado e sondear recursos accesibles para darlles unha resposta dilixente.
 - Elaborar unha listaxe, a partir das suxestións que recolla, dos materiais didácticos que debe ofrecer unha biblioteca ben equipada.
 - Coordinar iniciativas dos responsables da biblioteca, da aula de informática e do resto de profesores que activen e dinamicen o uso destes espazos.
 - Organizar un equipo integrado por membros das distintas áreas curriculares para programar un plan de lectura que conveña tanto ás lagoas e potencialidades detectadas, como ás competencias dos seus destinatarios.
 - Distribuír e recompilar todos aqueles instrumentos de análise ou cuestionarios que sirvan para incentivar e avaliar o proxecto lector con vistas a determinar, xunto ao equipo docente, medidas correctoras.
 - Convocar reunións de programación e seguimento do plan, onde se concreten desde os horarios, medios e espazos que esixe cada proposta, até a selección de lecturas apropiadas ás características de cada curso.
 - Converterse nunha figura de referencia para o conxunto da comunidade educativa implicada no plan (titores, profesores, bibliotecarios, alumnos, pais...)
 - Nas primeiras reunións sobre o proxecto, o coordinador e os profesores poden esbozar un plan estruturado en dous momentos para que progrese en función das aptitudes e hábitos lectores que van interiorizando ou consolidando os alumnos. Resumimos un posible resultado:
 - a) No inicio de cada curso, e especialmente no Primeiro Ciclo da ESO, é imprescindible descubrir as habilidades de lectura que dominan os estudantes e a relación que manteñen cos libros, para poder incidir nas súas posibles carencias. Como é natural nos primeiros cursos da ESO, disporán de esquemas mentais básicos, moi próximos a un cliché, e apenas terán

desenvolto as estratexias que aseguran unha lectura persoal, crítica e comprensiva. polo tanto, o noso primeiro obxectivo será reforzar as habilidades que demostren e presentarlles o plan de lectura como unha oportunidade para divertirse coñecendo ficcións e personaxes creados para “adultos” que deixan atrás a infancia. aos preadolescentes encántalles sentir que se lles trata como a “maiores”. Comentarlles con certo aire de complicidade que nos esperan, por exemplo, historias de terror, crimes estraños de resolución complexa, aventuras de todo tipo que teñen lugar en países afastados... pode ser un bo comezo.

- Despois, orientaremos a elección das obras segundo as súas preferencias, necesidades formativas e capacidades. Así estableceremos varios niveis para atender diversos ritmos de aprendizaxe e non descoidar a quen se amosen reacios a abrir un libro ou teñan máis dificultades lectoras. Evidentemente, teremos en conta que os alumnos destas idades se senten atraídos pola aventura, o misterio; e poden divertirse con historias que mesturen o humor e a fantasía ou achegarse a “clásicos adaptados”, sempre que os seus argumentos e personaxes conteñan algún dos ingredientes citados. As ficcións decantaránse pola acción dinámica, ofrecerán datos, aínda que os desenlaces sorprendentes sean moeda común, e os protagonistas defíniranse por trazos moi marcados que os individualicen entre o elenco de personaxes.
- b) Se no Primeiro Ciclo da ESO era imprescindible que os rapaces se sentiran motivados por ler a partir do estímulo de habilidades comprensivas básicas desde as cales puideran levar a termo lecturas máis fluídas e persoais, durante o Segundo Ciclo imponse traballar máis a autonomía e o pensamento crítico. O noso afán será que os rapaces acaben o Ciclo sendo capaces de profundar as obras desde unha comprensión global que non se sustente só no argumento, e que dominen as técnicas elementais que lles permitan a detección e o procesamento de informacións concretas dos textos, distinguindo as relevantes das secundarias, e tamén as outras fontes accesibles, como a biblioteca do centro ou a Internet. Todo isto obríganos a traballar a elaboración de interpretacións persoais en cuxa orixe se aprecie un diálogo aberto tanto cos escritos, como con outros lectores. A capacidade de reflexionar lóxica e ordenadamente sobre a forma e o tema das lecturas para cimentar opinións que superen a simple dicotomía “gústame / non me gusta”, e redunde nun bo coñecemento de xéneros e recursos literarios, debe ser un obxectivo central.
- En suma, a lectura concibida como vehículo de acceso e reelaboración de informacións, polo seu carácter de eixe transversal ou “medio para” adquirir todo tipo de

coñecementos, e como fin en si mesma ou fonte de pracer buscada de forma voluntaria e libre que contribúa ao reforzo de aptitudes cognitivas.

Nas reunións iniciais tamén poden explicitarse actitudes ou estratexias que frustren a verdadeira finalidade do plan de lectura para tratar de previlas. Por exemplo, trataremos de evitar os erros que seguen:

- Presentarlle ao alumnado o proxecto lector como unha obriga ineludible ou como unha materia máis.
- Que as prácticas ou actividades que se planifiquen para o fomento da lectura impliquen sancións ou premios.
- Seleccionar libros sen contar cos gustos, os intereses e as capacidades dos destinatarios.
- Desatender os alumnos preguiceiros ou con competencias lectoras menos afianzadas e centrarnos exclusivamente nos máis predispostos ou receptivos.
- Esperar que o plan de lectura teña resultados inmediatos e espectaculares.
- Esquecer que as propostas lectoras que se realicen na aula deben fomentar a cooperación de todo o grupo.
- Que as actividades lúdicas e participativas perturben a dinámica do centro.
- Que a concepción lúdica e participativa se circunscriba ás actividades previas de motivación para adoptar pautas máis académicas ao traballar a comprensión e a interpretación, freando así o intercambio aberto de opinións persoais e comentarios informais.
- Que as iniciativas e accións concibidas para dinamizar o proxecto lector teñan un carácter obrigatorio.
- Traballar sobre fragmentos carentes de unidade, isto é, cuxo sentido sexa excesivamente vago ou equívoco fóra do contexto global da obra.
